



Facultade de Filoloxía

Traballo de fin de grao

Mantemento e  
transmisión da lingua  
galega: unha achega ás  
familias das comarcas  
interiores da provincia de  
Ourense

Marta Villamarín Seguí

Grao en Lingua e Literaturas Galegas

Ano 2024

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Lingua e Literaturas Galegas



Facultade de Filoloxía

Traballo de fin de grao

Mantemento e  
transmisión da lingua  
galega: unha achega ás  
familias das comarcas  
interiores da provincia de  
Ourense

Marta Villamarín Seguín

Grao en Lingua e Literaturas Galegas

Ano 2024

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Lingua e Literaturas Galegas



Formulario de delimitación do título e resumo  
Traballo de Fin de Grao curso 2023/2024

APELIDOS E NOME:	Villamarín Seguí, Marta
GRAO EN:	Lingua e Literatura Galegas
(NO CASO DE MODERNAS) MENCIÓN EN:	
TITOR/A:	Xosé Henrique Monteagudo Romero
LIÑA TEMÁTICA ASIGNADA:	Sociolingüística, política lingüística e estandarización



SOLICITO a aprobación do seguinte título e resumo:

**Título:** Mantemento e transmisión da lingua galega: unha achega ás familias das comarcas interiores da provincia de Ourense.

**Resumo**

O obxectivo deste Traballo de Fin de Grao é abordar o estudo dos procesos de mantemento e transmisión da lingua galega nas familias das comarcas do interior da provincia de Ourense. O estudo abarcará as comarcas de A Limia, Allariz-Maceda, Ourense, Terra de Caldelas, Terra de Trives e Verín. Esta zona destaca, na súa maior parte, pola homoxeneidade nos aspectos sociais e culturais referentes á emigración a outros territorios, ademais de ser unha das áreas máis despoboadas e envellecidas do país. O marco sociolingüístico xeral deseñarase a partir dos datos que ofrecen as enquisas sobre coñecemento e uso do galego realizadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE). A fonte de datos que servirá de base para este estudo será as informacións recollidas nos traballos da materia de 3º curso de Sociolingüística galega, dende o curso 2004/2005. Nestes traballos figuran distintos perfís sociolingüísticos de diferentes familias que pertencen a esta área ao longo de tres xeracións. As cuestións analizadas teñen que ver cos procesos de mantemento, cambio e evolución da lingua galega, que serán relacionados con variables sociais como o hábitat e o status, así como a súa evolución.

Santiago de Compostela, 25 de Marzo de 2024.

<p>Sinatura do/a interesado/a</p> 	<p>Visto e prace (sinatura do/a titor/a)</p> <p>MONTEAGUDO ROMERO HENRIQUE XOSE - 33245766W</p> <p>Firmado digitalmente por MONTEAGUDO ROMERO HENRIQUE XOSE - 33245766W Fecha: 2024.04.01 10:59:58 +02'00'</p>	<p>Aprobado pola Comisión do Traballo de Fin de Grao coa data</p> <p>- 6 MAI. 2024</p> <p>Selo da Facultade de Filoloxía</p> 
---	--	--

**MANTEMENTO E TRANSMISIÓN DA LINGUA GALEGA: UNHA ACHEGA ÁS  
FAMILIAS DAS COMARCAS INTERIORES DA PROVINCIA DE OURENSE**

**MANTENIMIENTO Y TRANSMISIÓN DE LA LENGUA GALLEGA: UNA  
APROXIMACIÓN A LAS FAMILIAS DE LAS COMARCAS INTERIORES DE LA  
PROVINCIA DE OURENSE**

**MAINTENANCE AND TRANSMISSION OF THE GALICIAN LANGUAGE: AN  
APPROACH TO THE FAMILIES OF THE INLAND REGIONS OF THE PROVINCE  
OF OURENSE**

**RESUMO**

O obxectivo deste Traballo de Fin de Grao é abordar o estudo dos procesos de mantemento e transmisión da lingua galega nas familias das comarcas do interior da provincia de Ourense. O estudo abarcará as comarcas de A Limia, Allariz-Maceda, Ourense, Terra de Caldelas, Terra de Trives e Verín. Esta zona destaca, na súa maior parte, pola homoxeneidade nos aspectos sociais e culturais referentes á emigración a outros territorios, ademais de ser unha das áreas máis despoboadas e envellecidas do país. O marco sociolingüístico xeral deseñárase a partir dos datos que ofrecen as enquisas sobre coñecemento e uso do galego realizadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE). Outras das máis importantes ferramentas que servirán de base para este estudo serán as informacións recollidas nos traballos da materia de 3º curso de Sociolingüística galega, dende o curso 2004/2005. Nestes traballos figuran distintos perfís sociolingüísticos de diferentes familias que pertencen a esta área ao longo de tres xeracións. As cuestións analizadas teñen que ver cos procesos de mantemento, cambio e evolución da lingua galega, que serán relacionados con variables sociais como o hábitat e o status, así como a súa evolución.

**PALABRAS CHAVE:** transmisión lingüística interxeracional, mantemento, substitución, sociolingüística familiar, cambio de lingua.

## **DECLARACIÓN DE AUTORÍA**

Eu, dona Marta Villamarín Seguí, con DNI 21075629Q, declaro que o presente Traballo de Fin de Grao é orixinal e que non empreguei fontes de información sen citalas debidamente no corpo e na bibliografía do mesmo.

A handwritten signature in blue ink, consisting of a stylized 'M' followed by a horizontal line and a small flourish.

En Santiago de Compostela, a 30 de xuño de 2024

## ÍNDICE DE CONTIDOS

<b>1. INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>5</b>
1.1.  ÁREA ESTUDADA. AS SÚAS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS .....	7
<b>2. METODOLOXÍA.....</b>	<b>9</b>
<b>3. TIPOLOXÍA DAS FAMILIAS EN RELACIÓN Á     TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL.....</b>	<b>11</b>
<b>4. PRESENTACIÓN DOS DATOS.....</b>	<b>14</b>
4.1.  A PRIMEIRA XERACIÓN.....	14
4.1.1.  Perfil e traxectoria biográfica.....	14
4.1.2.  Actitudes lingüísticas: prexuízos e visións de futuro.....	21
4.2.  A SEGUNDA XERACIÓN.....	23
4.2.1.  Perfil e traxectoria biográfica.....	23
4.2.2.  Actitudes lingüísticas: prexuízos e visións de futuro.....	29
4.3.  A TERCEIRA XERACIÓN.....	32
4.3.1.  Perfil e traxectoria biográfica.....	32
4.3.2.  Actitudes lingüísticas: prexuízos e visións de futuro.....	37
<b>5. ANÁLISE DOS DATOS: AS FAMILIAS DAS COMARCAS DO INTERIOR     DA PROVINCIA DE OURENSE NA TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL..</b>	<b>40</b>
<b>6. CONCLUSIÓNS.....</b>	<b>46</b>

## 1. INTRODUCCIÓN

O foco deste Traballo de Fin de Grao recae na análise da preservación e transmisión do galego no ámbito familiar, abarcando tres xeracións das diferentes comarcas do interior da provincia de Ourense. O obxectivo deste estudo é ofrecer unha panorámica que se estende dende o pasado século ata o presente, coa intención de contribuír á comprensión da evolución sociolingüística de Galiza, concretamente na parte sur do país. Para levar este obxectivo a cabo, empregáronse información lingüística, social e cultural proporcionada polas familias locais. A información sobre estas familias será obtida do proxecto ALFA, Arquivo A Lingua das Familias do ILGA (Instituto da Lingua Galega) da Universidade de Santiago de Compostela.

Sendo o obxectivo deste estudo esclarecer cal é a tipoloxía das familias ourensás, como se deu a transmisión interxeracional da lingua e se se produciu o mantemento lingüístico, cómpre definir unha serie de conceptos para comprender que é o que se busca con este estudo. Segundo o estudo realizado por Monteagudo, Loredó e Vázquez no ano 2016 titulado *Lingua e sociedade en Galicia: a evolución sociolingüística 1992-2013*, entendemos por transmisión interxeracional o proceso polo cal unha lingua se transmite dos proxenitores aos seus descendentes no seo das familias, e por mantemento lingüístico o proceso no que a transmisión xeracional é efectiva. Tendo como base estes conceptos, podemos atopar diferentes tipos de familias neste territorio: familias que conseguiron manter a lingua ao longo das xeracións, familias que interromperon a transmisión xeracional da lingua e que a recuperaron máis tarde ou outras que non a recuperaron nunca.

Para facer unha análise clara dos tipos de familias cómpre establecer unha tipoloxía segundo os perfís lingüísticos dos informantes e de como se comporten na transmisión xeracional. Dentro do sector de galegos de orixe hai tres tipos de falantes: os galegofalantes iniciais de orixe galega, denominados como mantedores; os galegofalantes que perderon a lingua galega como lingua habitual, é dicir, os desgaleguizados ou substitutivos (interrompen a transmisión interxeracional) e os neofalantes ou galeguizados, que recuperaron a lingua galega de xeracións anteriores como lingua habitual. Dentro do sector de falantes de orixe castelán, existen un grupo que denominaremos como falantes asimilados, caracterizado por castelanfalantes de orixe castelanfalante. Ademais, hai que ter en conta un último perfil de falante que

aparece en situacións diglósicas, que é coñecido como falante adaptativo, funcional ou bilingüe que se subdivide dependendo se o falante adaptativo é de orixe galega, castelá ou outra diferente das dúas.

		<i>Lingua que lles falaban os proxenitores cando era pequenos</i>				
		En galego	Máis galego	Máis castelán	En castelán	Outras
<i>Uso nos 9 ámbitos (IIO-9)</i>	Sempre	<b>MANTEDORES</b> Galegofalantes de orixe predominantemente galegofalante		<b>RECUPERADORES</b> Galegofalantes adoptivos, de orixe predominantemente non galegofalante / Neofalantes		
	Moito/ bastante					
	Intermedio	<b>ADAPTATIVOS-G</b> Funcionais de orixe galega		<b>ADAPTATIVOS- C</b> Adaptativos de orixe castelá	Adaptativos doutras orixes	
	Pouco/ moi pouco	<b>SUBSTITUTIVOS</b> Castelanfalantes de orixe predominantemente galegofalante / Desgaleguizados		<b>ASIMILADOS</b> Castelanfalantes de orixe predominantemente castelanfalante		Cast. fal. de orixe 'outras'
	Nada					

Xaquín Loredo, Martín Vazquez, Henrique Monteagudo, RAG 2016: *Lingua e sociedade en Galicia: a evolución sociolingüística 1992-2013*. Estes tres autores estableceron esta tipoloxía para referirse aos diferentes tipos de falantes que predominan na sociedade galega. Para determinala utilizaron os seguintes parámetros: lingua na que foron educados, Índice de Uso Lingüístico, tomado a partir de 9 ámbitos que pretenden representar a totalidade do uso do galego do falante: amizades, familia, estudo, traballo, comercio, sanidade, administración, parella e descendentes. Neste traballo cobra especial importancia o uso do galego cos descendentes.

Para a realización deste traballo é preciso facer unha recapitulación da situación que viviu a lingua galega nas últimas décadas. Durante os corenta anos que durou o réxime ditatorial de Franco, o galego viviu momentos de marxinalidade e desprezo chegando a prohibirse o seu uso nas esferas públicas. Os corpos funcionariais de mestres e do profesorado en xeral foron <<depurados>> de maneira extrema, sendo apartados do seu posto todos aqueles que simplemente se significaran polas súas ideas democráticas (López Carreira 2016) ou calquera indicio de ideas de defensa da cultura ou da lingua, o que produciu unha significativa perda de falantes. A este proceso Monteagudo (2021) denominouno “proceso de substitución lingüística vertical” que consistiu na incorporación do castelán ás elites da sociedade e aos grandes poderes públicos para despois irse estendendo nas clases medias e burguesas das cidades e finalmente chegar ás clases máis baixas en entornos periurbanos. Ata entón, o castelán era só unha lingua empregada por intelectuais e as clases altas da sociedade pero polos cambios no réxime político e os procesos de represión e censura, esta lingua estendeuse ata as clases máis baixas da sociedade. Porén, o castelán non conseguiu callar tan forte na sociedade galega como para producirse un cambio lingüístico tan drástico, nas áreas rurais a lingua

da maioría da sociedade seguía a ser o galego, así como a lingua que as familias transmitían aos seus descendentes xa que supuña un símbolo identitario da súa clase social e do seu territorio (Monteagudo 2021).

Durante o século XX, Galiza experimentou mudanzas moi importantes en canto á economía, a sociedade, a demografía... Durante a Guerra Civil e os primeiros anos de ditadura, Galiza era un territorio profundamente ruralizado e cunha economía sustentada na agricultura e na gandaría. Cando Alemaña e Italia foron derrotadas, os Estados Unidos xunto coas outras forzas aliadas impuxeron un bloqueo económico en España que abrigou a establecer unha economía autárquica. Os anos 40 foron anos de miseria e de fame para a maior parte da poboación galega onde predominou a economía agraria de subsistencia e o desabastecemento urbano era moi sensible (López Carreira 2016). A mediados nos anos 50 o bloqueo económico que recaía sobre a España franquista foi retirado e a partir dos anos 60 leváronse a cabo os coñecidos como “Planes de Desarrollo” que incentivaron un forte desenvolvemento industrial en certas zonas de Galiza (en Vigo a factoría de Citroën, os estaleiros vigueses e ferroláns, o polígono industrial Vigo-O Porriño, a enerxía hidroeléctrica...). Isto tivo como consecuencia que ao longo dos anos 60 a poboación urbana se multiplicase, experimentando todas as cidades un crecemento demográfico nunca antes visto (López Carreira 2016). Coa chegada de empresas estranxeiras e o éxodo rural, tamén chegaron cambios lingüísticos que afectaron sobre todo aos habitantes de núcleos urbanos e que conservamos ata os días de hoxe.

### 1.1. ÁREA ESTUDADA. AS SÚAS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS.

Neste traballo a área estudada é a que corresponde ás comarcas interiores da provincia de Ourense: A Limia, Allariz-Maceda, Ourense, Terra de Caldelas, Terra de Trives e Verín. Estas áreas abarcan un territorio bastante homoxéneo en canto a demografía e a cultura, a excepción da comarca de Ourense que presenta datos diferentes pola súa condición de medio urbano como capital de provincia. .

Estas comarcas presentan un total de 208.744 habitantes (segundo datos do 2023 do IGE), unha cifra baixa se a comparamos con outros territorios galegos (só a comarca de Vigo duplica esta cifra con 425.386 habitantes). Así pois, este territorio é interesante dende o punto de vista demográfico: a cidade de Ourense é o único punto urbano e a súa comarca a de maior poboación, comparada co resto de comarcas que van ser

analizadas<sup>1</sup>, que son de carácter profundamente rural. Ademais, Ourense é a provincia máis despoboadada do territorio galego así como a máis envellecida, con un índice de envellecemento do 310% fronte a Lugo (segunda provincia máis envellecida despois de Ourense) que conta con un índice do 280% de envellecemento (segundo datos INE do 2023).


Para comprender o contexto sociolingüístico destas comarcas é preciso dar conta dunha serie de datos relativos á lingua. Ao ser a provincia de Ourense un territorio tan homoxéneo (a excepción da comarca da capital) os datos sociolingüísticos recollidos son moi semellantes en todas as comarcas rurais do interior da provincia. O número de falantes habituais de galego supera ao de falantes de castelán, a excepción da comarca de Ourense; porén, o número de habitantes destas é moito menor que o das comarcas que conforman o eixo atlántico (Monteagudo, Nandi e Loredó 2020)<sup>2</sup>. Na provincia de Ourense un 61% da poboación afirma empregar o galego de forma habitual, sendo así a segunda provincia (por detrás de Lugo cun 70%) que máis emprega o galego no país (segundo datos do IGE), incluíndo a galegofalantes de orixe galega, persoas galeguizadas ou persoas que empregan o galego e o castelán indistintamente. Así pois, segundo a publicación da RAG (2016)<sup>3</sup> *Lingua e sociedade en Galicia: a evolución sociolingüística 1992-2013* realizada por Monteagudo, Loredó e Vázquez, as áreas con máis porcentaxe de galegofalantes son A Limia e Verín, con máis dun 80% e a que menos galegofalantes ten é a comarca de Ourense con menos do 30%. Cómpre dicir que estes datos están baseados en porcentaxes e non en cifras absolutas, dato que hai que ter en conta xa que o número de habitantes é moi dispar entre estas dúas comarcas.

---

Segundo datos do 2010, a cidade de Ourense congrega ao 32,4% da poboación provincial (Instituto Galego de Estatística)

<sup>2</sup> Segundo Nandi, Monteagudo e Loredó (2020) as cidades pertencentes ao eixo atlántico son Vigo, A Coruña, Ferrol e Pontevedra. Nestas catro cidades foi onde se producir o maior desenvolvemento económico de Galiza pero tamén son as cidades co índice máis baixo de galegofalantes debido a factores sociais e económicos. Por outra banda, temos as cidades de Lugo, Ourense e Santiago de Compostela que pertencen a outro eixo diferenciado onde non se producir ese desenvolvemento económico tan forte mais tampouco esa desgaleguización que sufriron as outras cidades.

<sup>3</sup> Esta información aparece na obra citada na páxina 135. Figura 9.1. Mapa das áreas comarcais galegas pola porcentaxe de galegofalantes habituais. 2013. %



Fonte: IGE (2018) “Enquisa estrutural a fogares”. Este é un gráfico onde se mostran as porcentaxes do uso do galego en toda a provincia de Ourense. Podemos dicir que a porcentaxe total de galegofalantes habituais na provincia é dun 60,81%

Así pois, Ourense podería atoparse nun proceso de transición cun porcentaxe idéntico do galego e do español, que pode deberse ao peso cada vez máis importante da capital provincial sobre o total (Ramallo 2012). Porén, as áreas comarcais estudadas son as que teñen un maior índice de transmisión: caracterízanse por abarcar moito territorio e ter unha poboación marcadamente rural (Monteagudo e Loredó 2018). Ao irse a poboación galega concentrado nunha franxa urbana occidental e, en menor medida, nas dúas cidades do interior, Ourense e Lugo, implica unha tendencia cara á desgaleguización e un proceso de avellentamento acusado (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016). Así pois, unha vez explicadas as diferentes mudanzas e características do territorio galego en xeral e do ourensán en particular, tentarase facer un achegamento inicial ás comarcas interiores da provincia de Ourense botando man dunha serie de informantes que viven ou viviron nestas áreas.

## 2. METODOLOXÍA

A base principal sobre a que se vai desenvolver esta análise cualitativa son os traballos realizados na materia de Sociolingüística Galega. Esta materia é impartida no terceiro curso do Grao en Lingua e Literaturas Galegas da Universidade de Santiago de Compostela. Os traballos realizados nesta materia teñen que ver co estudo do historial

sociolingüístico de tres membros das tres ultimas xeracións dunha familia. Estes datos son recollidos mediante unha entrevista a cada un dos informantes.

O formato das entrevistas é flexíbel e isto implica que a información obtida sexa rica e variada, onde frecuentan as anécdotas persoais que teñen que ver coa relación dos informantes co galego e o español. Porén, a información máis valiosa para este estudo ten que ver con cuestións como a lingua materna de cada informante, o seu uso habitual, a tipoloxía de falante na que encaixan, a súa visión sociolingüística etc. Esta información é a que nos vai servir de chave para entender cal é a situación e a transmisión do galego dentro das familias.

A maior parte destes traballos foron recollidos en áreas urbanas e periurbanas, que é onde se centran a maior parte dos proxectos. Así pois, as comarcas do interior da provincia de Ourense non presentan un gran número de mostras comparado con outras zonas de Galicia.. Este estudo presenta unha limitación significativa debido á disparidade no número das mostras entre as diferentes áreas investigadas. Mentres que da comarca de Ourense hai sete traballos para extraer información, das comarcas de Verín ou Terra de Caldelas só hai un. Porén, non se pretende facer unha representatividade estatística, senón que se trata dun estudo de casos que axuda a entender mellor as condicións para o mantemento e a creba da transmisión xeracional. Deste xeito, foron incluídos neste estudo todos os traballos que existen sobre esta zona dende o ano 2005 ata o pasado curso 2022-2023, contando así cun total de 21 mostras destas comarcas do interior da provincia.

Todos os alumnos desta materia dende o ano 2005 tiveron que realizar este estudo. Así pois, todos estes traballos están organizados nun corpus realizado polo Instituto da Lingua Galega, onde están anonimizados e esquematizados nunha táboa de Excel. Dentro da nomenclatura habitual destas táboas aparecen referencias como as xeracións das que se falan (X1, X2 ou X3), un identificador de cada traballo para garantir o anonimato do alumnado (exemplo: a familia 360) ou cuestións sobre o cambio de residencia que fixeron cada un dos membros da familia (1: RURAL>URBANO). Tamén presenta un pequeno apartado de observacións onde se incluíu información interesante para o corpus que non encaixa dentro dos parámetros das táboas.

Finalmente, foron incluídos vinte e un traballos dos cales o máis antigo data do curso 2004-2005 e o máis recente do curso 2022-2023. Así pois, tentaremos obter unha visión

panorámica da transmisión do galego nas familias da área interior de Ourense durante, aproximadamente, vinte anos. O criterio para escoller os traballos era que polo menos un dos membros dalgunha das tres xeracións tivese nacido nas comarcas escollidas, máis concretamente, que os membros enquisados da primeira xeración (X1) tivesen como lugar de nacemento estas áreas. Ademais, todos os traballos foron analizados en base aos mesmos criterios iniciais: a lingua inicial e habitual das tres xeracións, se houbo mantemento ou non do galego e do castelán, se se produciu desgaleguización, se algunha das tres xeracións foi emigrante e os seus consecuentes cambios de residencia. Estes criterios son os que se tiveron en conta para dar a coñecer unha visión xeral do mantemento e da transmisión do galego nas familias de cada unha destas comarcas.

A xeito de sumario, neste traballo de investigación tentarase aplicar os conceptos que foron presentados na introdución deste traballo (lingua inicial, lingua habitual, nivel de estudos...) ao fenómeno da transmisión lingüística interxeracional. Así pois, podemos identificar e clasificar as diferentes familias que foron estudadas dentro dun perfil concreto de falante, así como as actitudes que teñen cara a lingua e cal é o seu papel na transmisión interxeracional. O estudo primeiro será feito separando a cada unha das xeracións e analizándoas xunto con cadanseu contexto histórico para despois facer unha análise das tres en común e determinar que papel xoga cada familia na transmisión xeracional (mantedores, adaptativos, asimilados...).

### 3. TIPOLOXÍA DAS FAMILIAS EN RELACIÓN Á TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL.

A relación familia-lingua-sociedade foi obxecto de estudo dende os inicios da sociolingüística moderna, na medida en que se considerou unha relación central para estudar os procesos de mantemento e substitución lingüística (Ramallo 2012). Se comparamos os datos que ofrece o IGE sobre o número de persoas que teñen o galego como lingua habitual no ano 2008<sup>4</sup> e no ano 2018<sup>5</sup>, podemos observar unha considerable perda de falantes no territorio total galego (case 135.000 falantes). A

---

Segundo datos do IGE, no ano 2008 un 56,4% da poboación emprega como lingua habitual o galego. Rexístrase un total de 1.466.915 falantes de galego como lingua habitual.

Segundo datos do IGE, no ano 2018 un 51,88% da poboación emprega como lingua habitual o galego. Rexístranse un total de 1.332.008 falantes de galego como lingua habitual.

sociolingüística galega presenta esta cuestión, que ten que ver coa perda de falantes, como un dos seus principais obxectos de estudo.

Voltando á introdución<sup>6</sup> onde se deu unha visión específica da tipoloxía que ía ser empregada neste estudo en canto aos tipos de falantes, será establecida unha tipoloxía tamén para determinar o tipo de familias segundo a súa transmisión do galego coas xeracións seguintes. Esta é a proposta de clasificación:

- Mantedoras: denominamos así ás familias que conservaron o galego nas tres xeracións.

$$G(X1) - G(X2) - G(X3)$$

- Asimiladas: denominamos así ás familias que conservaron o castelán nas tres xeracións.

$$C(X1) - C(X2) - C(X3)$$

- Substitutivas: denominamos así ás familias que romperon a cadea da transmisión interxeracional nalgunha das últimas tres xeracións. Neste grupo distinguimos dous subgrupos:

- Substitutivas 1-2: a X1 recibe o galego pero transmite o castelán

$$G(X1) - C(X2) - C(X3)$$

- Substitutivas 2-3: a X2 recibe o galego pero transmite o castelán

$$G(X1) - G(X2) - G(X3)$$

- Recuperadoras: denominamos así ás familias nas que, habendo un proceso de substitución, restituíron a cadea de transmisión interxeracional nalgunha das últimas tres xeracións.

- Recuperadoras 1-2: a X1 recibe o castelán pero transmite o galego

$$C(X1) - G(X2) - G(X3)$$

- Recuperadoras 2-3: a X2 recibe o castelán pero transmite o galego

$$G/C(X1) - C(X2) - G(X3)$$

Con esta clasificación hai que ter en conta que non estamos considerando á terceira xeración (X3) coma unha xeración que teña descendencia, xa que son os datos máis recentes que temos. Esta nomenclatura só atende á transmisión interxeracional. En todas as clasificacións aparecer os elementos “G” e ”C”, que fan referencia ao galego e ao castelán como lingua inicial, é dicir, como a lingua que os proxenitores ensinaron aos

---

<sup>6</sup> Véxase páxina \_\_\_\_

descendentes. Ás veces, estas etiquetas inclúen matices porque como xa sabemos, Galiza está a vivir unha situación lingüística de enorme diglosia e non sempre todos os informantes falan en galego ou en castelán. Para iso, tamén poderían ser incluídas as etiquetas de “+C” e “+G”, nas que podemos deducir un bilingüismo con inclinación a usar máis o galego ou o castelán. É moi común que dentro das familias haxa rangos de prestixio nas linguas que se empregan dependendo do contexto sociocomunicativo<sup>7</sup>.

Unha vez establecida unha tipoloxía para referirnos aos tipos de familias segundo a transmisión interxeracional que fan da lingua, tamén podemos establecer unha referente aos individuos segundo a lingua que transmiten á súa descendencia. Así pois, podemos facer a seguinte clasificación:

- Transmisor: se transmite o galego, sendo esta a lingua que lle foi transmitida
- Asimilador: se transmite o castelán, sendo esta a lingua que lle foi transmitida.
- Interruptor: se transmite o castelán, sendo o galego a lingua que lle foi transmitida
- Recuperador: se transmite o galego, sendo o castelán a lingua que lle foi transmitida

Nesta clasificación non foi incluída un tipo de familias moi interesante e que se dá moitas veces na sociedade galega. Este tipo de familia caracterízase por ter un proxenitor que transmite o galego de xeito monolingüe á súa descendencia e por ter outro proxenitor que transmite o castelán de xeito monolingüe á mesma descendencia. Deste xeito nace o concepto de “familias bilingües plenas” nas que é imposible determinar que lingua prevalece sobre a outra na crianza dos fillos. Aínda que cada un dos proxenitores sexa monolingüe en cadansúa lingua, determinaremos que estamos ante unha familia bilingüe. Este tipo de familias bilingües poderían ser clasificadas segundo a lingua que sexa transmitida nun futuro a dita descendencia, así pois, podemos diferenciar tres tipos:

- Bilingüe mantedora: G/C(X1) - G(X2) ou G/C(X2) - G(X3)
- Bilingüe substitutiva: G/C(X1) - C(X2) ou G/C(X2) - C(X3)
- Bilingüe recuperadora: G/C(X1) - C(X2) - G(X3)

---

<sup>7</sup> Este fenómeno é coñecido como “diglosia funcional”, que Guillermo Rojo (1985) definía como “aquella en que se da una regulación socialmente aceptada según la cual cada lengua o variedad es adecuada para determinadas utilidades”.

Como xa mencionamos anteriormente, seguindo esta tipoloxía tentarase establecer como son denominadas as diferentes familias segundo a súa transmisión lingüística. Tamén se fará fincapé en individuos que presenten características interesantes que axuden a establecer por que motivo se produciu un cambio lingüístico.

#### 4. PRESENTACIÓN DOS DATOS

Despois de presentar o estudo do corpus e establecer unha tipoloxía que nos servirá de axuda para realizar este traballo, é necesario esclarecer como será feita a agrupación de informantes e familias para a súa análise. Os informantes serán divididos en tres xeracións que serán analizadas individualmente. Nun primeiro lugar, farase unha breve presentación das tres xeracións (X1, X2 e X3) por separado, determinando cal foi o contexto histórico no que estas xeracións viviron para poder determinar cales foron os factores sociais que puideron influír nos seus historiais lingüísticos. Tamén serán marcados nun mapa, os lugares de nacemento de todos os membros das tres xeracións para comprender, dun xeito máis visual, como evolucionou o éxodo rural a través das tres xeracións. Ademais, en cada análise incluírase unha táboa onde apareceran as diferentes familias baixo os parámetros de: nº de familia, lugar de nacemento, nivel de estudos, historial laboral, lingua inicial e lingua habitual. Tamén serán tratadas cuestións como as diferentes visións de futuro que hai sobre o galego e os prexuízos lingüísticos que aínda presenta a sociedade galega.

Con todo, todos os informantes foron agrupados nalgunha das tres xeracións.

##### 4.1. A PRIMEIRA XERACIÓN

###### 4.1.1. Perfil e traxectoria biográfica

Os primeiros datos que van ser analizados son os correspondentes á primeira xeración, que será denominada como X1. Os lugares de orixe desta xeración son dos que partiremos para levar a cabo este estudo. Todos os integrantes desta primeira xeración naceron na primeira metade do século XX. Durante este período, Galicia estaba sometida ao réxime franquista, que impuxo limitacións á liberdade lingüística dos galegofalantes (Álvarez e Monteagudo 2012) aplicando nunha política lingüística autoritaria, uniforme e [...] implícita (Álvarez e Monteagudo 2012). A causa da represión, da fame e das crises que había en Galicia, esta xeración foi a que máis

experimentou o fenómeno da emigración, unha migración masiva a partir dos anos 50 do rural galego, cara a cidades americanas, europeas, e cara a cidades galegas, o que produciu unha sangría demográfica das aldeas, da que aínda hoxe percibimos os efectos (Subiela 2010). Esta emigración da primeira xeración a territorios castelanfalantes e cidades galegas, conduciron ao abandono do galego que se verá reflectida nos datos correspondentes á segunda xeración.

Esta xeración viviu as as transformacións de maneira directa que a sociedade galega experimentou ao redor dos anos 70 e 80, cando pasou de ser profundamente tradicional e rural a entrar nun proceso de industrialización e a vivir un éxodo cara as cidades do litoral galego, ademais da emigración a Europa e América.

*Emigración galega a Europa e ao resto do mundo  
entre 1962 e 1991*




Gráfico. Emigración a Europa, 1962-1991. Fonte: Beiras/ López 1999, 186 e 205

Os informantes sobre os que se basea este estudo, tamén formaron parte desa emigración que caracterizou a Galicia de metade de século. A maioría emigraron dun contexto rural a un urbano debido a maior posibilidade de crecemento económico e social. Algúns dos entrevistados emigraron á cidade de Ourense como contexto urbano máis próximo, outros emigraron a outros territorios do Estado (sobre todo a Barcelona e Madrid) e outros a países de Europa e América (Suíza, Alemaña, Francia e Venezuela entre os destinos máis populares).

Este mapa representa as localidades de orixe dos membros da X1:



Fonte: elaboración propia

Como podemos ver na imaxe, a maioría dos informantes da X1 pertencen a un contexto rural repartido por toda a xeografía ourensá, a excepción de dous deles que son orixinarios da capital provincial. Ao ser case todos os integrantes da X1 orixinarios de pequenas comunidades próximas que ofrecían menos oportunidades que a comarca da cidade veciña, a emigración era case obrigatoria dentro dese contexto de mudanzas sociais de mediados de século. Co éxodo rural veu da man a castelanzación da sociedade galega, que nos anos cincuenta preservou unha alta utilización do uso oral do galego no ámbito rural (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016).

A substitución progresiva do galego polo castelán durante a segunda metade do século pasado estivo asociada a factores como a masiva emigración da poboación rural galegofalante, o proceso de urbanización e industrialización, o acceso á educación e a extensión dos medios de comunicación audiovisuais, entre outros (Subiela 2010). A emigración do rural ao urbano supón unha adaptación a un novo entorno que trae implícito un novo estilo de vida que ten moito que ver coa perda de galegofalantes. Este cambio supón non só unha mudanza xeográfica senón tamén unha profunda transformación cultural, onde as novas xeracións adoptan elementos lingüísticos e culturais diferentes, influenciados polo novo entorno urbano e pola predominancia do castelán nos ámbitos máis amplos da sociedade.

Na seguinte táboa aparecen unha serie de datos de interese que teñen que ver co comportamento lingüístico dos membros da xeración 1 (X1)<sup>8</sup>:


<b>Nº familia</b>	<b>Lugar de nacemento</b>	<b>Nivel de estudos</b>	<b>Historial laboral</b>	<b>Lingua inicial</b>	<b>Uso habitual</b>
10	Xinzo de Limia	Superior	Mestra	Castelán	Monolingüe en castelán
31	San Cibrao das Viñas	Básico	Ama de casa	Castelán	Bilingüe
45	Xunqueira de Ambía	Básico	Costureira, empregada de hotel (Costa Brava) e ama de casa	Galego	Bilingüe máis galego
65	Pereiro de Aguiar	Básico	Ama de casa	Galego	Monolingüe en galego
75	Allariz	Básico	Labrega, Limpadora	Galego	Monolingüe en galego
96	Xinzo de Limia	Básico	-	Galego	Bilingüe máis galego
131	Chandrexa de Queixa	Básico	Panadeira	Galego	Monolingüe en galego
148	Barbadás	Básico	-	Galego	Monolingüe en galego
153	Ourense	Básico	Costureira	Galego	Monolingüe en galego
172	Taboadela	Básico	Labrego	Galego	Monolingüe en galego
195	Baños de	Básico	Hosteleiro	Galego	Monolingüe

<sup>8</sup> No lugar de nacemento aparecen os concellos dos informantes. No nivel de estudos entendemos como Básico os estudos primarios, como Medio os estudos de E.S.O, E.X.B, Bacharelato e FP Medio e como Superior incluímos os estudos universitarios e FP Superior. En cuanto á lingua inicial entendemos a lingua na que o informante aprendeu a falar e por lingua habitual entendemos a lingua que os informantes empregan no seu día a día.

	Molgas				en galego
211	Sarreaus	Básico	Operario de Fenosa	Galego	Monolingüe en galego
261	Vilardevós	Básico	Hosteleiro	Galego	Monolingüe en galego
297	Allariz	Medio	Soldador	Galego	Bilingüe máis galego
299	Baltar	Básico	Camareira	Galego	Monolingüe en galego
321	Montederramo	Básico	Autónoma	Galego	Bilingüe máis galego
346	Manzaneda	Básico	Gandeira	Galego	Monolingüe en galego
352	Vilar de Barrio	Básico	Labrega	Galego	Monolingüe en galego
360	Xinzo de Limia	Básico	Dependentista	Galego	Monolingüe en galego
369	Taboadela	Básico	Hosteleira	Galego	Bilingüe máis galego
381	Ourense	Superior	Profesora	Castelán	Monolingüe en castelán

Como podemos observar na táboa, os informantes da X1 son, na súa maioría, galegofalantes e, das tres xeracións, nesta é onde hai máis presenza do galego. A maioría dos membros desta xeración recibiron escolarización antes do ano 1979, ano no que se decretou a incorporación do galego ao ensino. Esta xeración naceu e criouse baixo o réxime franquista, un réxime autoritario que borrou a lingua galega da escena pública, das institucións e, polo tanto, do ensino. A gran maioría dos membros desta xeración declaran que o primeiro contacto que tiveron co castelán foi mediante a escola, así pois, podemos afirmar que o ensino foi o principal axente castelanizador. Neste tema preséntanse varias perspectivas: hai informantes que declaran que o galego na escola estaba fortemente reprimido e castigado, mentres que outros declaran que falaban galego na escola sen ningún tipo de represión aínda que o ensino se dese en castelán.

**Figura 11.1.** Persoas no ensino obrigatorio segundo a lingua na que reciben as clases. Evolución desde 2003 a 2013 e relación co decreto vixente. %



Véxase Monteagudo, Loreda e Vázquez 2016: *Lingua e sociedade en Galicia: a evolución sociolingüística* 1992-2016. Antes do ano 1983 coa chegada da Lei de Normalización Lingüística o ensino do galego era practicamente nulo.

O feito de que a escolarización neses anos fose totalmente en castelán tivo como consecuencia que os informantes apenas teñan destrezas á hora de ler ou escribir en galego. A maioría declara que poden falar e entender galego perfectamente pero á hora de ler ou escribir en galego non se defenden e xustificano dicindo que aprenderon a escribir e a ler en castelán.

Se observamos os datos que teñen que ver co historial laboral dos informantes, podemos observar como a maioría traballou en oficios que non requirían un gran nivel de coñecementos, o que se reflicte no seu nivel de estudos que na maioría dos casos é básico. Estes oficios tan básicos propiciaron o mantemento dalgúns deles no rural para adicarse ás tarefas relacionadas coa agricultura e a gandaría, que serían o sustento principal de moitas familias. Porén, moitos outros foron vítimas do éxodo rural e realizaron un cambio de residencia orientado case sempre cara a cidade de Ourense (como núcleo urbano máis próximo) e cara fóra do territorio galego.

Os anos posteriores á guerra civil para a gran maioría da poboación galega foron os <<anos da fame>>, debido á carencia dos bens básicos de consumo e á rixida política de racionamento seguida pola dictadura (López Carreira 2016). Este foi un dos motivos polos que unha gran parte da poboación galega se viu obrigada a emigrar, chegando a

ser máis de un millón de emigrantes galegos a Iberoamérica e Europa ao longo do século XX. Isto pode verse reflectido no historial dos informantes e os seus cambios de residencia, onde atopamos destinos como Barcelona, Venezuela, Suíza, Alemaña, Panamá etc. A diáspora galega foi un proceso social que afectou a moitos galegos e galegas e que condicionou as súas actitudes lingüísticas. Moitos deles afirman que a emigración supuxo un cambio na súa lingua habitual e incluso incorporaron outras linguas ao seu uso cotián. Por outra banda, outros informantes contan que na emigración había centros sociais galegos nos que só se relacionaban con xente galega polo que mantiveron o galego como lingua habitual. O informante da primeira xeración da familia 195 afirma que “emigraba moita máis xente da súa terra e dos arredores e unha vez en Francia acostumaban reunirse todos e utilizaban a lingua galega para comunicarse entre eles”.

Así pois, podemos afirmar que esta primeira xeración foi vítima de grandes crises económicas, conflitos sociais e censura e represión. Todos estes motivos propiciaron unha calidade de vida baixa e un acceso ao ensino difícil. Na táboa podemos ver como só dúas persoas teñen estudo superiores. A informante da familia 10 xa pertencía a unha familia onde os seus pais eran profesores do rural e ela estudou nun colexio relixioso o Bacharelato Superior e a carreira de Maxisterio ao mesmo tempo. Con 16 anos xa tiña unha praza de profesora en Cataluña. A informante da familia 381, tamén é profesora, licenciada en Puericultura (a actual Educación Infantil) e directora dun xardín de infancia. As dúas informantes que teñen estudos superiores veñen de familias con un certo nivel económico que lles permitiu continuar estudando. Casualmente, son as dúas únicas informantes que teñen o castelán como lingua inicial e lingua habitual, e as dúas afirman que os seus pais, sendo galegofalantes, as criaron en castelán. A informante da familia 10 afirma que “Necesitaban o castelán para entender as clases do internado e entender á xente”.

Na táboa podemos observar como a maior parte dos informantes da X1 teñen o galego como lingua inicial. Como mencionamos anteriormente, esta xeración viviu parte da súa vida nunha dictadura que reprimía o uso do galego. Aínda así, os informantes manteñen o galego como lingua habitual e algúns deles afirman que dependendo de quen sexa o interlocutor mudan a lingua para o castelán “por respecto”. Estas figuras adoitan ser de clases sociais superiores que traballan nas administracións públicas ou no ámbito da sanidade e condicionan a mudanza lingüística dalgúns informantes. Nos usos actuais

desta xeración vense os efectos da diglosia, onde o castelán se utilizaba nos contextos máis formais mentres que o galego se restrinxía aos de carácter máis informal (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016). Así pois, este pequeno grupo poderíamos catalogalo como informantes suxeitos á diglosia funcional, que é moi común no panorama galego actual.

Esta represión lingüística da que falabamos antes deixou pegada na sociedade galega e sobre todo nos informantes da X1 que viviron esta situación de primeira man. Moitos dos informantes da primeira xeración afirman que criaron aos seus fillos en castelán para asegurarlles un mellor futuro e por outro tipo de motivos que están ateigados de prexuízos, aínda que non sexan conscientes. Isto é sorprendente xa que na maioría dos casos vemos unha forte identidade galega e unha defensa da lingua e das costumes galegas pero, logo na práctica, isto que proclaman non se axusta á realidade. Se a estes prexuízos (ás veces inconscientes e ás veces conscientes) lle sumamos o éxodo rural ao estranxeiro e a núcleos urbanos, obtemos un aumento do uso do castelán e, polo tanto unha castelanización da seguinte xeración. Este perfil de falantes chega a interiorizar os usos e acaba transmitindo uns usos ‘castelanizados’ á xeración seguinte, xeración que mantén soamente o galego cos avós ou coa familia próxima ademais de nalgún que outro contexto específico por algún tipo de motivación instrumental (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016).

Aínda así, a X1 é, das tres que van ser analizadas, a que máis presenza ten de falantes monolingües que conservaron o uso do galego a pesar da emigración, da represión lingüística e das crises sociais que estaban a acontecer a mediados de século.

#### 4.1.2. Actitudes lingüísticas: prexuízos e visións de futuro

As actitudes lingüísticas representan un aspecto fundamental no estudo da sociolingüística, xa que revelan como as percepcións e valoracións sobre as linguas inflúen nas interaccións sociais e nas políticas lingüísticas. Estas actitudes poden ser tanto explícitas como implícitas reflectindo prexuízos profundamente arraigados que afectan ás comunidades lingüísticas e a maneira na que se perciben a si mesmas.

O concepto de prexuízo para Allport (1954) ten que ver cunha actitude hostil cara un individuo que pertence a un grupo social, a quen se lle atribúen características negativas

deste colectivo. O prexuízo non é só un xuízo racional de valor, senón que contén un elemento emotivo ou irracional que transfírese automaticamente as características do grupo ao individuo e viceversa (Chamorro 2021). A sociedade galega convive con dúas linguas oficiais diferenciadas dentro da mesma comunidade, que están en constante contacto e que poden ser empregadas en distintas situacións polos falantes. Á hora de escoller unha lingua ou outra entran en xogo os conceptos de prestixio e identidade, que afectan directamente ás actitudes lingüísticas dun ou dunha galegofalante (Chamorro 2021).

Volvendo ao historial dos informantes desta primeira xeración, sabemos que viviron gran parte da súa vida nun ambiente represivo coa lingua mais tamén coa identidade galega. Así pois, vemos como nesta xeración hai un sentimento bastante ambiguo en canto a visión da lingua. Hai unha serie de informantes que afirman defender a lingua galega e sentirse parte da comunidade galega, mais logo á hora de criar aos seus fillos fixérono en castelán. Un exemplo sería o informante da familia 45 que afirma rotundamente que “aos nenos hai que falarlles en castellano” ou na familia 56 atopamos afirmacións como “desde pequenas faleilles ás miñas fillas en castellano porque había que enseñarlles o castellano que o galego xa o aprendían no pueblo” pero esta última tamén defende a normativización da lingua. En liñas xerais nestes informantes hai unha visión positiva da lingua e un sentimento de pertenza a unha comunidade pero a maioría seguen desprestixiando o uso do galego baixo o pensamento de que o castelán é unha lingua máis culta. O informante X1-45 afirma que “é de mala educación falar cas visitas en galego, o castellano é máis fino” ou o informante X1-346 que di que “o castellano é máis fino pa escribir”. Esta visión diglósica está baseada nese concepto de “castelanización” que acompañou regularmente ao desenvolvemento, ao ascenso social ou á simple expectativa da mellora do *status* (Rojo 1981). O informante da X1-172 é un exemplo do fenómeno que explicaba Guillermo Rojo, xa que afirma que “os que falaban galego ou ‘castrapo’ eran as persoas dos pobos, que non tiñan medios [...] incultos, analfabetos e pobres”. Este mesmo informante, sendo falante inicial de galego, tentou toda a súa vida aprender a falar español co pretexto de que falar castelán é unha marca de progreso e desde que se mudou a Ourense, intenta ser monolingüe en castelán.

Por outra banda, tamén podemos encontrar o prototipo oposto de informante que cree na utilidade do galego como lingua prestixiosa e na defensa da cultura e do idioma. Así, atopamos opinións como a do informante X1-261 que afirma que “a lingua é o que nos

define como comunidade, se o perdemos perdemos as nosas raíces” ou como a do informante X1-352 que defende que “hai que ensinarlles galego aos nenos cando son pequenos porque é a nosa lingua, o español xa o aprenderán”.

Outra cuestión que chama a atención son os prexuízos tan numerosos que existen nesta xeración contra o galego dialectal. Cando se lles preguntaba cal era a súa lingua habitual, moitos deles respondían que non sabían falar galego ou que falaban ‘castrapo’, cando realmente utilizaban trazos dialectais propios de Ourense. O informante da X1-299 di que fala un galego mal falado porque fóra de Ourense non o entenden, o informante X1-31 conta unha anécdota que ten como conclusión que as formas dialectais propias de Ourense non están ben vistas ou a informante da X1-321 que di que non sabe falar ben o galego. Esta visión do galego dialectal lévanos directamente a outra noción complexa: o galego estándar. Son varios os informantes que afirman non entender, desagradarlles ou rexeitar a normativa estándar do galego. A informante da X1-148 ve o galego estándar como alleo e artificial e a informante X1-195 afirma que “a lingua que máis me gusta é a de ‘antes’ (galego)” e declara que o galego estándar non o coñece e cústalle entendelo. Este rexeitamento cara a normativa estándar, ten que ver ca ausencia de formación académica nesta lingua. O proceso de estandarización coincide coa incorporación obrigatoria do galego ao sistema educativo e coa aparición dos medios de comunicación en galego (CRTVG) (Ramallo 2012), isto fai que o galego estándar sexa unha variedade allea para as persoas que non a estudaron e que comezaron a escoitar cando xa eran máis maiores.


Outra das cuestións das que os informantes deron a súa opinión foron as visións de futuro do galego. Neste punto, atopamos opinións moi variadas sobre a situación da lingua. A informante X1-96 percibe unha mellora na situación da lingua en grupos sociais mais elevados mentres que o informante X1-211 non percibe un bo porvir para o galego porque pensa que se está volvendo a impor o castelán. O que está claro é que esta xeración é a que maior número de galegofalantes presenta das tres sendo unha xeración que soubo protexer a lingua da ditadura e da emigración pero tamén fortemente suxeita á diglosia.

## 4.2. A SEGUNDA XERACIÓN

### 4.2.1. Perfil e traxectoria biográfica

Igual que no punto anterior, agora van ser presentados os datos relativos á segunda xeración de informantes. Estas persoas naceron na segunda metade do século XX e viviron os últimos anos do franquismo e a transición española. Na Transición a loita pola democracia e o autogoberno foi un momento de nova emerxencia da lingua galega, constituíndose no idioma preferente de uso das expresións democráticas e das manifestacións culturais (Subiela 2010). Nestes anos tamén foi aprobado o Estatuto de Autonomía e foron recoñecidas como linguas oficiais o galego, o catalán, o valenciano e o éuscaro. Esta normalización e oficialización das linguas, levou a que foran obxecto de estudo nas escolas e isto propiciou que a sociedade galega comezase a estudar en galego. Foi asumido de forma crecente polas diferentes forzas políticas e sociais, que incorporaban o idioma aos seus usos, promovían a súa revitalización no espazo público e demandaban políticas de normalización lingüística (Subiela 2010).

Este mapa representa as localidades de orixe dos membros da X2<sup>9</sup>



Fonte: elaboración propia

Neste mapa podemos ver como houbo un importante éxodo á área metropolitana de Ourense e aos seus arredores se comparamos este mapa co dos lugares de nacemento da primeira xeración. Nestes anos déronse factores como a masiva emigración da

---

<sup>9</sup> Neste mapa faltan os informantes X2- 10 e X2- 321, cuxos lugares de nacemento son Barcelona e Panamá respectivamente.

poboación rural galegofalante, os procesos de urbanización e industrialización, o acceso á educación e a extensión dos medios de comunicación audiovisuais (Monteagudo, Loreda, Nandi 2020) que propiciaron a substitución progresiva do galego cara o castelán.


Igual que na primeira xeración, foron recollidos nunha táboa os datos relativos ao número de informante, o lugar de nacemento, o nivel de estudos, o historial laboral, a lingua inicial e a súa lingua habitual:

<b>Nº familia</b>	<b>Lugar de nacemento</b>	<b>Nivel de estudos</b>	<b>Historial laboral</b>	<b>Lingua inicial</b>	<b>Uso habitual</b>
10	Barcelona	Superior	-	Castelán e catalán	Monolingüe en castelán
31	Noia	Superior	Funcionaria	Castelán	Bilingüe
45	Allariz	Medio	Autónomo	Galego	Monolingüe en galego
65	Pereiro de Aguiar	Medio	Auxiliar administrativa Sergas	Galego	Monolingüe en galego
75	Allariz	Superior	Funcionaria Administrativa	Galego	Bilingüe
96	Xinzo de Limia	Superior	Funcionaria na Oficina de Emprego	Galego	Bilingüe máis galego
131	Chandrea de Queixa	Medio	Secretaria	Castelán	Monolingüe en castelán
148	Barbadás	Medio	Auxiliar de enfermería	Galego	Bilingüe máis galego
153	Ourense	Superior	Funcionaria Xunta de Galicia	Galego	Bilingüe máis galego
172	Taboadela	Superior	Profesor	Castelán	Bilingüe máis galego
195	Baños de	Superior	Técnica de	Galego	Monolingüe

	Molgas		raios		en galego
211	Taboada	Superior	Profesor	Castelán	Monolingüe en galego
261	Santa Comba	Básico	Albanel	Galego	Monolingüe en galego
297	Allariz	Básico	Operador de maquinaria pesada	Galego	Bilingüe máis galego
299	Baltar	Superior	Traballadora social na Xunta	Galego	Monolingüe en galego
321	Panamá	Superior	Autónoma	Galego e castelán	Bilingüe máis castelán
346	Manzaneda	Medio	Auxiliar de enfermería	Galego	Monolingüe en galego
352	Vilar de Barrio	Superior	Farmacéutica	Galego	Bilingüe máis galego
360	Xinzo de Limia	Medio	Autónoma	Galego	Monolingüe en galego
369	San Cibrao das Viñas	Básico	Caixeira, dependenta, operaria...	Castelán	Bilingüe máis galego
381	Ourense	Básico	Futbolista e administrativo	Castelán	Bilingüe máis castelán

Botando unha ollada a táboa dos informantes da segunda xeración, podemos observar un aumento no nivel de estudos e tamén nas profesións relacionadas co sector servizos. A Galicia da metade do século XX caracterizábase por unha elevada proporción de poboación rural ocupada no sector primario, que preservaba un alto grao de utilización do galego oral (Monteagudo, Loredó, Vázquez 2016) pero coa industrialización das cidades e o desenvolvemento económico, produciuse un movemento masivo do campo a cidade que levou consigo unha mudanza lingüística. As familias ao chegar dun contexto rural a un urbano, sentiron a necesidade de empregar o español para encaixar

neste novo lugar de residencia, pero fixérono de xeito progresivo, introducindo primeiro o castelán en contextos formais e sociais para rematar por introducilo tamén no ámbito familiar e, polo tanto, na transmisión lingüística.



Véxase Monteagudo, Nandi e Loredo 2020: *La transmisión intergeneracional del gallego*. Neste cadro podemos ver a evolución dos perfís lingüísticos de *desgaleguización* asentada (DESGA 1) e *desgaleguización* non asentada (DESGA 2) por grupos de idade. A DESGA2 está formado pola xeración actual, onde o idioma recibido dos proxenitores é diferente que o transmitido aos descendentes. A DESGA1 está formada pola xeración anterior, onde a lingua que os avós transmitiron aos proxenitores é diferente da que os proxenitores transmitiron aos descendentes.

Analizando os datos deste cadro podemos ver como, co paso dos anos, medra ese proceso de ruptura da transmisión da lingua. Podemos observar un proceso de substitución do galego polo castelán e como vai medrando a medida que avanzan as xeracións. Nesta segunda xeración podemos observar máis informantes que presentan o castelán como lingua inicial se o comparamos cos membros da primeira xeración. Isto pódese explicar por unha interrupción da transmisión lingüística da primeira xeración cara a segunda, por diversos motivos como os prexuízos, o éxodo rural ou a tentativa de encaixa nun ambiente urbano onde a lingua dominante é o español.

Neste contexto aparece un novo tipo de falante que apenas está presente en xeracións anteriores e é o falante recuperador. Un falante recuperado é aquel que ten o castelán

como lingua inicial e recupera o galego (Monteagudo 2012). Nos datos que temos na táboa podemos ver como temos varios falantes recuperadores que, aínda que non sexa mediante o monolingüismo, recuperan o galego como lingua habitual como poden ser os informantes X2- 31, X2-172 ou o X2- 211. Este proceso de recuperación da lingua xermola dentro dun contexto totalmente contrario, e crese que ten que ver con factores de identitarios e culturais, que emerxen nuns poucos informantes que teñen o castelán como lingua inicial. Tamén se dan casos de segmentos castelanizados da pequena burguesía urbana que mantiveron ou recuperaron o uso do galego coma unha forma de reivindicación da súa identidade étnica e política (Monteagudo, Nandi e Loredó 2020). Este proceso de recuperación da lingua apenas está presente nos informantes da primeira xeración, que empregaban o galego como un simple instrumento de comunicación, mentres que nesta segunda xeración xa temos casos de falantes de galego que, ademais de empregar a lingua dun xeito instrumental, danlle á lingua un significado máis identitario.

Nesta xeración, o galego segue a ser a lingua maioritaria no uso habitual dos informantes pero o castelán vai gañando máis presenza con respecto á xeración anterior xa que atopamos múltiples casos de bilingüismo e de monolingüismo en castelán. Neste grupo vemos que moitos informantes son funcionarios e traballan de cara ao público e na Lei de Normalización lingüística, no artigo 4.1. declara que o galego [...] é a lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma. Porén, atopamos informantes como a X2-31 (funcionaria nos xulgados de Santiago) que declara que no seu traballo non ten cabida o uso do galego ou a informante X2-75 que afirma que os seus compañeiros na administración empregaban o castelán como lingua habitual. Así pois, vemos como aínda que haxa leis que garanten o uso do galego, moitas veces non se cumpren, o que leva a situacións diglósicas onde se asume o castelán como a lingua de prestixio en contextos formais.

Porén, tamén é certo que o galego comeza a gañar terreo noutros ámbitos xa que o proceso de normalización lingüística avanzou sen grandes sobresaltos (Monteagudo 2012). Isto propiciou o estudo da lingua e, polo tanto, o seu coñecemento na maior parte da poboación, o que facilitou ese bilingüismo en persoas que foran criadas en castelán e o mantemento do galego en persoas que foran criadas en galego. Deste xeito, xorde unha nova categoría de usuarios da lingua que aprende o galego en contextos urbanos,

en familias cada vez menos vencelladas afectivamente con este idioma, os denominados falantes de galego estándar, de galego urbano ou neofalantes (Monteagudo, Nandi e Loredó 2020). Así pois nace unha elite galegofalante que defende a lingua e a cultura galega, o que favorece a normalización da lingua xa que están a defendela desde unha posición privilexiada.

Esta segunda xeración, nacida nos últimos anos da ditadura e durante a Transición, presenta un perfil lingüístico significativamente diferente ao dos seus predecesores. Aínda de ter vivido nun período de crecente apertura e recoñecemento das linguas oficiais do Estado, esta xeración está notabelmente máis castelanizada. Isto débese, en grande parte, á migración cara as cidades galegas, onde o uso do galego era menos prevalente e, polo tanto, a súa transmisión xeracional viuse comprometida. Porén, esta xeración tamén foi a primeira en beneficiarse da inclusión do galego na educación pública, o que foi un fito importante na normalización da lingua. Aínda que o contacto cotián co galego se viu reducido nalgúns informantes, a formalización da súa aprendizaxe no sistema educativo axudou a reducir os prexuízos lingüísticos que había na xeración anterior e a mellorar as competencias lingüísticas en galego. Isto permitiu que o galego seguise sendo parte da identidade cultural, aínda que nalgúns casos, sexa dun xeito máis institucionalizado que cotián.

#### 4.2.2. Actitudes lingüísticas: prexuízos e visións de futuro


Como xa comentamos anteriormente, esta xeración nace a mediados de século e vive a maior parte da súa vida nun réxime democrático, sen estar suxeitos á censura lingüística por parte das institucións como si que o estaban os informantes da primeira xeración. A chegada da democracia e a institucionalización de Galiza como Comunidade Autónoma – que tivo a competencia de educación case desde o comezo- abriu un novo campo de posibilidades para o galego (Subiela 2010). Nestes primeiros anos de democracia foron conseguidos moitos avances para a normalización e dinamización da lingua galega, así como a obrigatoriedade do seu ensino, o seu uso nas institucións públicas e o nacemento da TVRG. Esta xeración, aínda tendo máis oportunidades que a primeira xeración, aínda presenta pensamentos e actitudes negativas cara o galego. O dereito non é dabondo para revertir unha situación histórica de discriminación que ten creado uns prexuízos lingüísticos profundamente enraizados na sociedade (Nogueira López 2010).

Cando se lles pregunta aos informantes pola visión que teñen do galego atopamos varias respostas, a maior parte delas positivas. Grazas á testemuña de varios informantes podemos ver como nesta xeración a lingua galega está normalizada, non chama a atención que alguén fale galego e non hai fortes prexuízos contra a lingua. Isto pode ser grazas a oficialización no ensino e a escolarización en lingua galega desta xeración. O informante da X2-148 afirma que “falar galego galego é a normalidade” e en xeral, todos os informantes teñen a sensación de que “agora fálase máis galego” e de que “a xente moza está máis concienciada coa lingua” (os informantes da X2-45 e X2-360, respectivamente). En contraposición coa primeira xeración, na segunda xeración atopamos varios perfís de informantes que fan unha defensa íntegra e consciente da lingua e da cultura galegas, contribuindo persoalmente coa dinamización lingüística e coa transmisión xeracional da cultura e da lingua. Un exemplo sería a informante X2-360 que afirma educar á súa filla cunha conciencia de orgullo cara a lingua, ou o informante X2-172, que lle pon á súa filla o nome de Xema para que se saiba que é galega e, ademais, pasa todos os seus apuntamentos ao galego para fomentalo (profesor de FP en Allariz). Tamén encontramos outras citas na X2-211 como “é unha realidade evidente que deban ser impartidas todas (as materias) en galego” ou “o galego, por identidade debe estar por riba de calquera outra lingua”. Con isto, podemos ver como nesta xeración xa xermola unha forte identidade lingüística e a defensa desta. Aínda así, chama a atención que, algúns dos informantes que acabamos de nomear, teñan como lingua materna o español e aínda así sexan íntegros defensores da lingua. Isto pode explicarse debido a que algúns mozos que aprenden galego na escola deciden, por razóns diversas, facerse usuarios frecuentes ou exclusivos do galego, chegando a ser a lingua de transmisión entre os seus descendentes (Ramallo 2012).

Porén, nesta xeración tamén existen fortes prexuízos contra quen fala galego de acotío. Todos os prexuízos que teñen os informantes poden clasificarse en dous grupos: os que pensan que o galego non ten a suficiente importancia ou prestixio para ser falado, ou os que pensan que falar galego é unha identidade política asociada ao nacionalismo de esquerdas. En canto aos informantes do primeiro grupo atopamos testemuñas como “el español lo habla la mayor parte del mundo [...] con el español voy a todas partes” (X2-131), ou “cando falo castelán é para poñerme á súa altura, para que non se sinta mal e estea máis cómodo” (X2-346). Aínda que haxa unha mellora na dinamización da lingua aínda existen estes vellos prexuízos que foran transmitidos a esta xeración, o

pensamento do galegofalante como unha persoa do rural, de baixo nivel nivel social, sen estudos etc. Nesta xeración, tamén atopamos críticas contra os galegofalantes, que son asociados co nacionalismo de esquerdas. Aínda que non implique asociar a defensa da lingua coa ideoloxía ou os partidos especificamente nacionalistas (Monteagudo, 2012), atopamos comentarios como “a xente pensa que usar o galego só ten lóxica se es profesor de galego ou nacionalista” (X2-211), “se reivindicabas o galego relacionábante coa esquerda nacionalista” (X2-75) ou “a porcentaxe máis alta (de xente nova que fala galego) é a da xente asociada co mundo da esquerda nacionalista”.

Ao preguntar a esta xeración que visión teñen sobre o futuro da lingua, atopamos na gran maioría actitudes positivas. Unha das opinións que máis atopamos nos informantes da X2 é que agora a xente nova cada vez fala máis galego, que os mozos están moito máis concienciados co galego, que o uso do galego aumentou grazas ao aumento de ámbitos de uso... en xeral, agoiran un bo porvir para a lingua. Aínda que a maior parte desta xeración teña actitudes positivas cara o futuro da lingua, esta non é a realidade lingüística que hai en Galicia. Segundo datos do IGE de 2018, o 31% da poboación galega entre 15 e 29 anos son monolingües en castelán, mentres que só o 18% o son en galego e se consultamos datos anteriores ao 2018 o porcentaxe de monolingües en galego era maior, o que indica un proceso de desgaleguización.




Véxase Monteagudo, Loredo e Vazquez, 2016, “Lingua e sociedade en Galicia: resumo de resultados 1992-2016”. Páx. 15. No gráfico móstrase a evolución da lingua habitual nos galegos de 15 ou máis anos en Galicia desde 1992 a 2013%. Podemos ver como o número de persoas que falan unicamente en galego continúa un proceso descendente cunha tendencia máis suavizada, mentres que o número de persoas que falan unicamente en castelán ten un proceso ascendente cunha tendencia máis aguda.

### 4.3.A TERCEIRA XERACIÓN

#### 4.3.1. Perfil e traxectoria biográfica

A terceira xeración de informantes é a máis recente e a que nos pode achegar datos máis actualizados. Esta xeración é a que abarca máis anos de nacemento xa que a informante máis vella naceu en 1983 (X3-346) e a máis nova no 2007 (X3-369), o que nos ofrece unha visión moito máis heteroxénea e ampla desta terceira xeración. A maior parte dos informantes naceron a finais da década dos 80 e durante toda a década dos 90, tendo actualmente entre 30 e 40 anos. Hai que ter en conta, que os traballos sobre os que se basea este estudo foron feitos entre o ano 2004 e o ano 2021, polo que aínda que na actualidade todos informantes estean entre os 30-40 anos, cando foron feitas as entrevistas todos tiñan 20 anos aproximadamente. Esta é a xeración con máis informantes que naceron en áreas urbanas, distribuíndose entre as diferentes cidades galegas. Só 8 dos 21 informantes da terceira xeración naceu en áreas rurais aínda que despois, algúns deles, mudáronse tamén a outras cidades.

Neste mapa aparecen representados os diferentes informantes segundo o seu lugar de nacemento, onde podemos observar que hai moita máis concentración nas cidades se o comparamos cos dous mapas anteriores:



Fonte: elaboración propia

Neste mapa atopamos un éxodo rural bastante pronunciado se o comparamos coas dúas xeracións anteriores. A sociedade galega é hoxe maioritariamente urbana, 1.600.000 persoas (de 2.800.000) viven nas áreas urbanas das cidades, das cales arredor dun millón viven nas 7 cidades centrais (Subiela 2010). Como temos tanta diferenza de idade entre os informantes, non podemos quitar conclusións claras e uniformes sobre cal é a situación do galego nesta xeración e, moito menos, que papel van xogar na transmisión lingüística aos seus descendentes. Ademais, ao ter testemuñas de nenos que non superan os 15 anos de idade cando foron feitas as enquisas tampouco podemos afirmar cal é a lingua habitual que empregan actualmente, temos que basearnos na lingua actual do momento no que os estudos foron feitos.

Na seguinte táboa aparecen representados os datos relativos á traxectoria biográfica e ao perfil lingüístico dos membros da X3:

<b>Nº familia</b>	<b>Lugar de nacemento</b>	<b>Nivel de estudos</b>	<b>Historial laboral</b>	<b>Lingua inicial</b>	<b>Uso habitual</b>
10 <sup>10</sup>	-	-	-	-	-
31	Santiago	Básico	-	Castelán	Monolingüe en castelán
45	Ourense	Básico	-	Castelán	Monolingüe en castelán
65	Ourense	Superior	-	Castelán	Monolingüe en galego
75	Barbadás	Superior	-	Galego e Castelán	Monolingüe en galego
96	Xinzo de Limia	Superior	-	Galego	Monolingüe en Galego
131	Lugo	Superior	Dependentá	Castelán	Monolingüe en castelán
148	Barbadás	Superior	-	Galego	Bilingüe

<sup>10</sup> A familia número 10 só presenta informantes da primeira xeración e da segunda xeración. Non existen datos dun terceiro informante.

153	Vigo	Superior	Enfermeira	Castelán	Monolingüe en castelán
172	Vigo	Superior	Logopeda	Castelán	Monolingüe en castelán
195	Ourense	Básico	-	Galego	Bilingüe
211	Chantada	Superior	Contable	Castelán	Monolingüe en castelán
261	Santa Comba	Medio	Operario fábrica	Galego	Monolingüe en galego
297	Allariz	Medio	Técnico informático	Galego	Bilingüe máis galego
299	Baltar	Medio	-	Galego	Monolingüe en galego
321	Ourense	Medio	-	Galego e castelán	Bilingüe máis galego
346	Marín	Medio	Administrativa	Galego	Monolingüe en galego
352	Ourense	Superior	-	Castelán	Bilingüe
360	Xinzo de Limia	Básico	-	Galego	Monolingüe en galego
369	San Cibrao das viñas	Básico	-	Galego	Bilingüe máis galego
381	Ourense	Medio	-	Castelán	Bilingüe máis castelán

Como xa mencionamos antes, a centralización dos informantes arredor da cidade de Ourense é bastante pronunciada, así como a migración ás diferentes cidades galegas. Como podemos observar na táboa, hai unha maior presenza do castelán nas linguas inicial e habitual, en comparación cas dúas xeracións anteriores, onde tamén podemos encontrar varios casos de informantes que son monolingües en castelán (X3-31, X3-45, X3-131, X3-153, X3-172 e X3-211). Se voltamos aos datos da primeira xeración, o monolingüismo en castelán é un facto illado con apenas dous informantes (X1-10 e X1-381) polo que podemos afirmar que arredor das décadas dos 50 e 60 ser monolingüe en

castelán era moi pouco habitual, mentres que nesta terceira xeración xa é algo moito máis normal.

Así pois, os movementos ás cidades supuxeron unha forte castelanización dos individuos e, polo tanto, un corte na transmisión interxeracional da lingua. Porén, como podemos observar na táboa, ningún informante que tivese o galego como lingua inicial ten o castelán (de xeito monolingüe) como lingua habitual. Podemos ver un caso onde o informante declara ser bilingüe con tendencia a usar máis o galego (X3-297) e dous casos máis onde os informantes declaran ser totalmente bilingües e empregar as dúas linguas no seu día a día (X3-148 e X3-195). O resto dos informantes que teñen o galego como lingua inicial, afirman ser monolingües en galego. Deste xeito, podemos ver como nesta xeración os galegofalantes iniciais non tiveron unha perda significativa da lingua, só tres informantes mudaron de lingua e foi de xeito parcial. Se botamos unha ollada aos informantes que presentan o castelán como lingua inicial, vemos como a maioría son monolingües en castelán (X3-31, X3-45...) pero tamén hai algúns que se declara bilingües e incluso cono tendencia a empregar máis o galego. Algún dos resultados que máis chaman a atención son os dos informantes que presentaban o castelán como a lingua na que aprenderon a falar e declaran que a lingua que empregan habitualmente é o galego, xa sexa parcialmente ou totalmente (un exemplo serían os informantes X3-65 e X3-75). Son varios os informantes que afirman que, ter marchado a estudar fóra do seu lugar de orixe, foi unha oportunidade para comezar a introducir o galego en diferentes ámbitos da súa vida e tendo en conta que desde os anos 80 ata a actualidade o activismo en defensa do galego foi un dos movementos máis dinámicos da nosa sociedade, que tivo unha penetración social importante (Subiela 2010), podemos ver como nos informantes desta xeración, este tipo de medidas puideron deixar unha pegada importante para o mantemento ou recuperación da lingua.

Cómpre destacar que o perfil máis habitual é o de galegofalantes que manteñen o galego como lingua habitual, xa sexa de xeito monolingüe ou de xeito bilingüe. Cando os galegofalantes iniciais se declaran bilingües adoitan clasificarse dentro do grupo de adaptativos funcionais de orixe galega (Loredo, Monteagudo, Vázquez 2016) e así o confirman os propios informantes cando afirman cambiar de lingua segundo a persoa coa que estean a manter un intercambio lingüístico. Isto tamén acontece cos falantes iniciais de castelán polo que, podemos afirmar, que esta xeración é a que máis varía

entre a lingua lles foi transmitida polos seus proxenitores e a lingua que empregan habitualmente.

Este é o grupo que mais difire en relación cos que estamos a analizar pola súa complexidade e a súa heteroxeneidade. Estamos ante unha xeración moi ampla de informantes onde todos foron escolarizados en galego e viviron sempre baixo a oficialización da lingua galega. Durante as últimas décadas asistimos a un cambio de valores, estendeuse unha actitude favorable cara ao galego, os prexuízos na súa contra foron reducíndose e mudando; moitos cidadáns foron reconsiderando o seu valor (Subiela 2010), feito que pode ser influínte na lingua habitual dos informantes que foron analizados. Ademais, todos tiveron a oportunidade de acceder a estudos medios e superiores, o que garante unha maior formación académica e máis anos de estudo en galego. As persoas que presentan estudos básicos nesta xeración son estudantes de menor idade que aínda están a cursar estes estudos. Ao ter un grupo tan amplo que varía dende os 39 anos de idade (X3-346) ata os 8 anos de idade (X3-45)<sup>11</sup> os resultados en canto á lingua habitual poden presentar mudanzas nas xeracións máis novas. Os datos que podemos tomar como referencia para realizar esta análise son os da lingua inicial, xa que é un parámetro que non varía, porén a lingua habitual pode trocar ao longo dos anos, sobre todo nos informantes que aínda estaban en primaria cando lles foron feitas as enquisas.


#### 4.3.2. Actitudes lingüísticas: prexuízos e visións de futuro

Como xa comentamos anteriormente, esta xeración experimentou durante toda a súa vida a normativización do galego e a implementación de medidas lingüísticas para a dinamización da lingua. O galego durante as últimas década estivo totalmente introducido no ensino, na televisión pública, nas administracións etc., polo que para os informantes desta xeración o seu uso e desenvolvemento na sociedade debería ser completamente normal, xa que é co que levan convivindo toda a súa vida. Así se demostra sendo a xeración que menos prexuízos ten contra o galego, aínda que non empreguen esta lingua habitualmente.

---

<sup>11</sup> Cómpre ter en conta que as idades aquí mencionadas son as que tiñan os informantes no ano no que se fixeron as enquisas. O informante X3-346 tiña 39 anos no ano 2022 (nado no 1983) e o informante X3-45 tiña 8 anos no ano 2007 (nado no 1999).

Por primeira vez nesta análise, hai informantes que declaran que a escola foi un elemento clave para que comezasen a falar galego sen prexuízos e incluso gañaron conciencia lingüística e de defensa do idioma. A día de hoxe é certo que o galego está moito máis presente no sistema educativo ca en ningún ámbito social (salvo o cultural) [...] e o ensino é un dos ámbitos onde se foi facendo hexemónico o discurso normalizador e onde confluíu o activismo na promoción do galego co labor dunha parte importante do profesorado (Subiela 2010). Así pois, hai falantes iniciais de castelán que grazas ao instituto e ás materias de galego introduciron a lingua galega como a súa lingua habitual converténdose en neofalantes (por exemplo, X3-65) e outros que, sendo falantes iniciais de galego, comezaron a falar en castelán na súa infancia e grazas ao instituto e ás materias de galego gañaron conciencia lingüística (por exemplo, X3-75). Tamén atopamos varias testemuñas que afirman que ter marchado estudar a Compostela foi o pulo que lles facía falta para converterse en monolingües en galego ou comezar a utilizar o galego en máis ámbitos (X3-65, X3-75, X3-153...). Pola contra, atopamos tamén informantes que declaran que en cidades como Vigo ou A Coruña, o emprego do galego é residual e consideran estas cidades como un grande axente castelanizador (X3-96, X3-153, X3-172...). Así pois, aparece representada unha dicotomía entre Compostela como unha cidade que galeguiza aos falantes e cidades como Vigo ou A Coruña como cidades que castelanizan aos falantes. A imaxe de Santiago de Compostela como a cidade do galego vese reflectida nesta composición: o maior tanto por cento de neofalantes, a máis baixa porcentaxe de desgaleguizados e un amplo grupo de galegofalantes de orixe galega (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2018). Pola contra, cidades como Vigo, Pontevedra, A Coruña e Ferrol presentan as taxas máis baixas de neofalantes



Véxase Monteagudo, Loredo e Vázquez 2016 *Lingua e sociedade en Galicia: resumo de resultados 1992-2016*. Páx 27. No gráfico amósase a distribución dos grupos lingüísticos nas sete cidades principais no ano 2013. Podemos observar como as cidades do eixo atlántico son as máis castelanizadas e como as cidades do interior do país son as que mellores datos posúen para o galego.

Outro feito sorprendente desta xeración é que sendo a máis castelanizada de todas, é a que máis defensa fai e a que máis interese mostra pola dinamización da lingua. Atopamos múltiples exemplos de informantes que mostran actitudes favorables cara a lingua, cara a súa implementación no ensino como lingua universal e incluso defenden que o galego debería estar por riba do castelán. O fenómeno do *Xabarín Clube* foi mencionado por varios informantes, que consideran este programa como un elemento moi característico desta xeración que conseguía que os máis pequenos se achegasen ao galego (por exemplo, o informante X3-172 declara que aprendeu galego na escola e grazas ao Xabarín). Tamén atopamos un perfil de galegofalante inicial moi recorrente nesta xeración que se caracteriza por introducir o castelán como lingua habitual e recuperar o galego con máis idade. Aínda así, o perfil máis popular que atopamos nesta xeración son os adaptativos de orixe galega e de orixe castelá. Esta clase de falantes agochan prexuízos lingüísticos que adoitan saír á luz á hora de establecer relacións persoais. Cando nos referimos aos adaptativos de orixe galega, hai quen defende que é por vergonza (X3- 195), por estar á altura do interlocutor (X3-75) ou porque asocian o

castelán á cidade e o galego ao rural (X3-321). Así pois, atopámonos ante unha grande variedade de falantes que conciben a lingua de diferentes maneiras.

A diferenza da primeira e da segunda xeración de informantes, a terceira xeración ten un bo acollemento do galego estándar, variedade na que a maioría son capaces de desenvolverse de xeito oral e escrito. Como xa vimos anteriormente, non todos os falantes acceden á competencia lingüística plena na variedade exemplar, este acceso está máis ben reservado aos falantes instruídos, pertencentes á elite educada, que pode ser máis ou menos ampla (Monteagudo 2005). Ao estar ante unha xeración con posibilidade de obter estudos medios ou superiores os prexuizos contra esta variedade diminúen, de feito, esta variedade apenas é mencionada nas entrevistas desta xeración.

Aínda así, esta xeración non consegue estar libre de prexuizos aínda que se reducira o número deles. A informante X3- 65 declara que cando decidiu ser completamente monolingüe en galego foi xulgada polo seu irmán (“los niños que se van a Santiago veñen falando galego porque son moi *progres*”), a informante X3-75 cando recuperou o galego na súa etapa universitaria foi criticada polas súas amizades con comentarios do tipo “que haces hablando gallego?”, a informante X3-131 considera que “el castellano en la escuela es más *cool*” e o informante X3-195 declara que lle da vergonza falar galego na escola porque non ten prestixio. Isto son só exemplos dos prexuizos seculares que levan décadas encallados na sociedade galega.

Aínda que a situación do galego nesta xeración de informantes non é de todo desesperanzadora, si que é certo que hai unha notoria baixa de falantes de galego, sobre todo nas cidades. Un perfil moi recorrente nestes informantes é o que emprega o galego na casa e o castelán fóra dela, condenando ao galego a converterse nunha lingua familiar e ao castelán na lingua social. Isto acontece menos nos informantes que naceron e viviron parte da súa vida no rural, que aínda que mudaran de residencia na súa xuventude para estudar, non cambiaron a súa lingua habitual. Deste xeito, nesta xeración tan heteroxénea atopamos múltiples perfís: mantedores, neofalantes, adaptativos e asimilados.

Despois de facer unha abordaxe polas diferentes xeracións de familias e os seus individuos cómpre facer unha análise comparativa e contrastada dos tipos de familias que predominan na zona interior da provincia de Ourense. Cómpre ter en conta que a delimitación xeográfica está fundamentada nos lugares de nacemento dos membros da

primeira xeración, polo que existen casos de informantes de xeracións posteriores que xa non habitan neste territorio.

## 5. ANÁLISE DOS DATOS: AS FAMILIAS DA ZONA INTERIOR DE OURENSE NA TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL

Para realizar este estudo foi necesario facer unha análise das tres xeracións de informantes por separado, centrándonos na cronoloxía, o contexto histórico que viviron e outros aspectos de interese para poder concretar cal é o perfil maioritario nas familias ourensás en canto á transmisión xeracional da lingua. Para facer esta caracterización botaremos man da tipoloxía que proporcionaron Monteagudo, Loredó e Vázquez no seu estudo titulado *Lingua e sociedade en Galicia: a evolución sociolingüística 1992-2013* e que xa foi comentada na introdución deste traballo<sup>12</sup>.

Na seguinte táboa aparecen clasificadas as familias que se utilizaron para a realización deste estudo segundo o papel dos seus membros na transmisión lingüística interxeracional<sup>13</sup>:

Nº de familia	Tipo de familia	X0	X1	X2
10	Asimilada	Interruptor	Asimilador	Asimilador <sup>14</sup>
31	Asimilada	Asimilador	Asimilador	Asimilador
45	Substitutiva 2-3	Transmisor	Transmisor	Interruptor
65	Substitutiva 2-3	Transmisor	Transmisor	Interruptor
75	Mantedora	Transmisor	Transmisor	Transmisor
96	Mantedora	Transmisor	Transmisor	Transmisor
131	Substitutiva 1-2	Transmisor	Interruptor	Asimilador
148	Mantedora	Transmisor	Transmisor	Transmisor
153	Substitutiva 2-3	Transmisor	Transmisor	Interruptor

<sup>12</sup> Véxase páxina 12.

<sup>13</sup> Nesta táboa aparecen representadas a xeración 0 (X0) que se refire á xeración anterior á X1, que nos axudará a esclarecer cal foi a lingua que lle transmitiron á primeira xeración como lingua inicial. Ademais, tamén aparecen marcados cun asterisco os membros das familias que, aínda que só transmitiran unha lingua, forman parte dunha parella bilingüe, o que nos axudará a determinar se a familia é bilingüe mantedora, recuperadora ou substitutiva.

<sup>14</sup> Recordemos que no traballo número 10, só temos a informantes da X1 e da X2, polo que o papel de asimilador ao X2 foille atribuído sen saber se ten descendencia e sen saber que lingua transmitiría á súa descendencia se a tivese. Asumo que cumpriría o papel de Asimilador porque vive en Barcelona e a súa lingua inicial e habitual é o español.

172	Substitutiva 1-2	Transmisor	Interruptor	Asimilador
195	Mantedora	Transmisor	Transmisor	Transmisor
211	Substitutiva 1-2	Transmisor	Interruptor	Asimilador
261	Mantedora	Transmisor	Transmisor	Transmisor
297	Mantedora	Transmisor	Transmisor	Transmisor
299	Mantedora	Transmisor	Transmisor	Transmisor
321	Mantedora	Transmisor	Transmisor	Transmisor
346	Mantedora	Transmisor	Transmisor	Transmisor
352	Substitutiva 2-3	Transmisor	Transmisor	Interruptor
360	Mantedora	Transmisor	Transmisor	Transmisor
369	Recuperadora 2-3	Transmisor	Transmisor	Recuperador*
381	Asimilada	Interruptor	Asimilador	Asimilador


Facendo un primeiro achegamento a esta análise dos tipos de familias, podemos afirmar que a familia mantedora é a máis común no interior de Ourense. O segundo tipo de familia máis común é a familia substitutiva 2-3, é dicir, as familias nas que se produciu unha perda interxeracional do galego entre a segunda xeración (X2) e a terceira xeración (X3), sendo así o X2 un falante interruptor da transmisión do galego. Despois atopamos tres familias substitutivas onde aconteceu o mesmo proceso de substitución lingüística que no grupo anterior, pero desta vez aconteceu entre a primeira xeración (X1) e a segunda xeración (X2). Tamén temos tres familias asimiladas, que conservan o castelán ao longo das tres últimas xeracións, onde dúas delas teñen ao X0 como interruptor da transmisión xeracional e unha onde o X0 xa era un falante asimilado. Só a familia 369 presenta a etiqueta de recuperadora, contando cun individuo da segunda xeración (X2) que, sendo o castelán a súa lingua inicial, decide transmitir o galego á seguinte xeración (X3). Hai outros casos onde o falante recuperador pertence á terceira xeración pero aínda non ten descendencia, polo que a súa familia non pode ser considerada recuperadora porque non hai unha transmisión lingüística do galego a unha hipotética cuarta xeración (X4), como, por exemplo, a familia número 65.

A análise das familias que temos como mostra para realizar este estudo, comezará pondo o foco nas familias mantedoras por seren as máis numerosas. Das 21 familias que foron estudadas, 10 foron clasificadas como familias mantedoras. Desas 10 familias mantedoras, 6 delas viviron no rural ao longo das tres últimas xeracións e as outras 4

abandonaron o rural maiormente na terceira xeración de informantes. É moi probable que o feito de ser mantedoras teña que ver coa estabilidade que durante tantos anos estas familias tiveron no rural, xa que o hábitat, o ambiente e as características lingüístico-comunicativas dos núcleos máis urbanos son claramente distintas ao das áreas rurais (Monteagudo 2005). Se analizamos os motivos polos cales algúns informantes deciden transmitir o galego ás xeracións vindeiras atopamos cuestións como o porcentaxe de galegofalantes do lugar no que habitan (X1-96 afirma que en Xinzo de Limia todo o mundo falaba galego e X1-148 fai a mesma afirmación de Sobrado do Bispo), a apelación aos seus devanceiros como transmisores da lingua (X2-148 afirma que criou aos fillos en galego porque “foi o que mamei”), por cuestións de identidade e pertenza ao país (o X1-297 afirma que “se sintes o teu idioma, entras en acción”) ou como xeito de diferenciación doutras comunidades (a X2-299 afirma sentirse só galega e por iso só utiliza o galego). As causas ou motivos para manter a transmisión lingüística dentro dunha familia son pezas chave para preservar a lingua que, en varias familias mantedoras (X3-195, X3-75, X3-321...), non está asegurada a súa transmisión. Son varias as familias mantedoras que posúen un membro da terceira xeración que se declara bilingüe e con tendencias de acomodación lingüística que poden pór en perigo a transmisión do galego a unha hipotética cuarta xeración (X4). Casualmente, os membros da terceira xeración que se declaran falantes adaptativos viven todos en núcleos urbanos ou periurbanos, a maioría na cidade de Ourense. Este feito volta a confirmar o forte axente castelanizador que son as cidades.

**Figura 24**

Evolución das prácticas monolingües en galego nos concellos galegos entre 2001 e 2011. Taxa porcentual.



Véxase Monteagudo, Loredo e Vázquez 2018, *Lingua e sociedade en Galicia: resumo de resultados 1992-2016*. Páx. 26. Nesta figura aparecen representada a evolución das prácticas monolingües en galego nos concellos galegos entre 2001 e 2011. Así pois, este gráfico móstranos unha considerable perda de monolingües en galego nos concellos de Allariz, Baños de Molgas, Maceda, San Cibrao das Viñas, O Pereiro de Aguiar e, en xeral, case todos os concellos que rodean o concello de Ourense. Sorprendentemente, o concello do Ourense ten menos perda de monolingües en galego que outros concellos máis rurais como poden ser Allariz ou Maceda. Porén, vemos como os concellos que están máis alonxados da capital presentan porcentaxes máis baixas de perda de monolingüismo en galego coma Sarreaus, Xinzo de Limia, Xunqueira de Ambía ou Vilar de Barrio.

O seguinte grupo de familias máis popular nesta zona, son as familias substitutivas. Estas familias son as que están a comprometer o futuro da lingua galega, xa que nalgún punto, a transmisión interxeracional foi interrompida, sendo o español a lingua que reciban as vindeiras xeracións. Nesta análise atopamos 7 familias substitutivas, tres que interromperon a transmisión lingüística da xeración 1 á xeración 2, e catro que o fixeron no paso da X2 á X3. Pero, cales son os motivos ou causas que levaron a unha troca lingüística dentro das xeracións dunha familia? O perfil de cada familia é esencial á hora de establecer cales foron os detonantes para que se interrompera dita transmisión.

O perfil das familias substitutivas na maior parte dos casos ten que ver con que un dos membros marchou para outra cidade galega a vivir, sobre todo a Ourense e a Vigo. Tomamos como exemplo familias como a 65 e a 153 onde os membros considerados X3 tiñan o castelán como lingua inicial debido á escola e aos círculos nos que se movían. Así pois X2-153 (galegofalante) declara que criou á súa segunda filla en español (X3-153) porque a primeira, despois de ir á gardaría, falaba español e tivo lugar unha acomodación lingüística por partes dos pais cara á filla maior, o que levou a criar á súa segunda filla directamente en castelán. O mesmo acontece coa familia 65, onde o X2-65 afirma que lle falaba en castelán aos fillos porque estes viñan falando castelán da escola<sup>15</sup>. Outro caso de substitución lingüística é o da familia 131, onde o X1-131 afirma que as súas fillas aprenderon a falar en español porque en Trives, onde foron a escola, todo o mundo fala español.

Outros motivos polos cales se produciu unha substitución lingüística foron os prexuízos que tiñan os falantes. É moi común que, cando unha familia cambia a súa residencia do rural (ambiente máis galeguizado) a unha cidade (ambiente máis castelanizado), se produza un cambio lingüístico co obxectivo de encaixar e facer máis sinxela a incorporación do individuo ao novo entorno urbano. O informante que máis chamou a atención, atendendo a esta cuestión, foi o X1-172, quen afirma que sempre tivo un complexo de inferioridade moi grande por falar “castrapo do malo”<sup>16</sup> e dende que aprendeu castelán na escola nunca máis quixo falar galego e transmitiu o español aos seus fillos por prexuízos.

O resto de familias substitutivas non presentan un motivo concreto polo cal deixaron de transmitir a lingua galega á súa descendencia. Isto débese a que dentro das familias non existe unha relación de parentesco directa entre os diferentes membros. No caso da familia 352 (substitutiva 2-3) a informante X2-352 é tía da informante X3-352, polo que a primeira non tivo nada que ver coa crianza da segunda. Aínda así a falante X3-352 afirma que ela fala español desde sempre porque en Ourense o uso do galego é residual. O mesmo acontece co familia 45, onde a X1 é tía-avoa do X2 e o X2 é primo do X3, polo que é moi complicado que a tendencia lingüística dalgún dos membros fose

---

<sup>15</sup> Recordemos que a X3-65 é monolingüe en galego aínda que os seus proxenitores decidiran criala en español sendo eles galegofalantes. Esta familia foi clasificada como Substitutiva e non como Recuperadora porque a informante X3-65 ten como lingua inicial o español e non ten descendencia á que transmitir o galego.

<sup>16</sup> O informante X1-172 refírese ao galego con castellanismos e afirma que o galego é unha lingua de ignorantes e pobres.

condicionar o dos outros. Aínda así, o informante X3-45 afirma falar español porque a súa nai fala español, pero non sabemos cando se produciu a substitución lingüística na ascendencia da súa nai.

En xeral, atopamos familias onde algún dos membros vive ou viviu na cidade de Ourense polo que afirmamos que, onde máis ruptura na transmisión interxeracional da lingua hai, é na comarca de Ourense. Deste xeito, facemos unha confrontación onde o rural é un ambiente favorecedor para o galego mentres que Ourense é o principal axente castelanizador.

O seguinte perfil a analizar é o de familia asimilada, do que temos tres mostras. As tres familias comparten características comúns que poden axudarnos a establecer cales foron as causas que levaron a esta perda interxeracional. Nos tres casos, a X0 (xeración anterior a X1) era galegofalante e presentan o papel de interruptores da transmisión lingüística, polo a X1 xa recibiu o castelán como lingua inicial. En dous casos, (X1-10 e X1-381) a primeira xeración viña dun status social alto, onde a X0 presentaba un bo nivel económico e social para que a X1 tivese estudos superiores. Os pais da informante X1-10 eran profesores na escola e, sendo eles falantes de galego, transmitiron o castelán a todos os seus fillos. O mesmo acontece no caso da X1-381, mestra de Educación Infantil, quen nunca viviu noutro lugar que non fose Ourense e que declara que só escoitaba galego cando ía visitar aos avós á Baixa Limia. Outro factor fundamental para que se dese este proceso de acomodación lingüística foi a emigración. Tanto a informante X1-10 como a informante X1-381 foron vítimas da emigración, a primeira a Barcelona e a segunda a Cuba. No caso da X1-10, emigrou a Barcelona e nunca máis voltou a vivir a Galiza, polo que desenvolveu toda a súa vida en castelán (a excepción de cando visitaba Galiza de xeito vacacional). No caso da X1-31, os seus pais (X0-31) emigraron a Cuba e cando retornaron a súa forma de comunicación era o bilingüismo con tendencia ao español, polo que criaron nesta lingua aos seus fillos.

Finalmente, atopamos unha familia recuperadora (369) que recuperou o galego no paso da X2 á X3. Neste caso, atopamos unha familia que sempre viviu na comarca de Ourense pero non na cidade, senón en parroquias das aforas. A X1 sempre foi monolingüe en galego pero a súa filla, X2, comezou a falar en castelán desde a infancia aínda que os seus pais a criaron sempre en galego ela adoptou o español como lingua inicial. Sospeitase que foi a causa da escola, onde todos os nenos falaban español. Esta, recuperou o galego como lingua habitual porque o seu marido era galegofalante e entre

os dous sempre falaron en galego. Por este motivo, a crianza da súa filla (X3-369) foi feita en galego e esta presenta o galego como lingua inicial e como lingua habitual xunto co castelán, aínda que declara falar máis galego que castelán. Neste caso, estamos ante unha familia recuperadora onde se produciu un proceso de mudanza lingüística cara o galego por parte da X2, quen presentaba o castelán como lingua inicial e grazas á súa parella comezou a falar en galego e retomou a transmisión interxeracional da lingua.

Outro tipo de familia moi interesante, aínda que non presente ningunha etiqueta no cadro, é a de familia bilingüe. Este tipo de familia é un pouco irregular e presenta uns parámetros moi difusos xa que o bilingüismo en Galiza non é algo firme e que se dá en todos os casos igual, senón que depende de moitos factores e non existe un patrón común de familia bilingüe. Así pois, para a realización deste estudo consideramos como familia bilingüe aquela familia que presente unha parella onde cada un dos membros que forman esa parella presente dúas linguas diferenciadas como linguas iniciais. Deste tipo de perfil temos unha familia, a número 369 que comentamos anteriormente.

Aínda que no caso da familia 369 a situación de bilingüismo derivase na tendencia ao galego da última xeración, isto non é o que acontece habitualmente. Na maioría dos casos, cando temos unha parella bilingüe (sobre todo se o medio no que se desenvolve é a urbe) a lingua que adoita transcender nas xeracións vindeiras é o español. Incluso nesta familia, onde o galego é a lingua inicial da X3, hai tendencias á diglosia funcional. A X3-369 afirma que ela fala galego na casa pero que coas amizades fala en castelán. Isto mostra como o bilingüismo non é unha solución favorable cara a lingua galega, xa que o español ten moita máis presión asimiladora que o galego.

## 6. CONCLUSIÓNS

Despois de realizar un percorrido polas 21 familias e os seus informantes, así como as causas que condicionaron o uso da lingua nos diferentes situacións sociolingüísticas, podemos facer unha pequena aproximación da situación da transmisión interxeracional da lingua galega nas comarcas interiores da provincia de Ourense desde, aproximadamente, os anos 40 do século pasado ata a actualidade. O obxecto de estudo foron os traballos que daban conta da realidade sociolingüística das tres xeracións de informantes de cada familia. Así pois, estas familias habitaron as diferentes comarcas do interior de Ourense durante varios períodos de tempo. Podemos caracterizar o territorio

como unha área rural, onde a presenza do castelán era case nula na primeira xeración e pouco a pouco foise introducindo nas familias a medida que avanzaba o tempo. En contraposición, temos a capital provincial de Ourense, que funciona como o principal axente castelanizador xunto co ensino. Segundo as testemuñas dos informantes, podemos ver como a emigración, os prexuízos e as actitudes lingüísticas e sociais das familias influíron na transmisión do galego nas seguintes xeracións.

Voltando ao obxectivo inicial que desencadeou toda esta posterior análise, cómpre sacar conclusións sobre cal é a situación da transmisión lingüística interxeracional nas comarcas interiores da provincia de Ourense. Segundo os datos recollidos na análise das tres xeracións, podemos ver como a situación do galego empeorou co paso do tempo e, nesta área, non é demasiado esperanzadora. Aínda que a primeira xeración de informantes sexa case monolingüe en galego é unha xeración chea de prexuízos e moi castigada psicolóxicamente por razóns sociais e de lingua. Estas actitudes lingüísticas influíron nas xeracións posteriores e desencadearon unha forte castelanización na terceira xeración. Porén, é certo que na terceira xeración atopamos moita máis conciencia lingüística e unha forte defensa da lingua nos usuarios que son monolingües en galego. A maior parte das familias son mantedoras, o que agoira un bo porvir para a lingua pero é na terceira xeración onde a lingua se ve máis comprometida á súa transmisión, xa que atopamos moitos perfís de falante funcional que poderían condicionar dita transmisión.

Durante todo o traballo atopámonos coa dicotomía de rural-urbano, sendo o rural un espazo favorable para o galego e a súa transmisión e a cidade un fortísimo axente castelanizador. Son moitas as testemuñas que declaran que en Ourense a presenza do galego é nula, e o éxodo rural cara esta cidade é moi abundante. Se xuntamos estes dous elementos, por unha banda o éxodo rural cara Ourense e o fortemente castelanizada que está esta cidade por outra, obtemos unha considerable perda de falantes. A estratexia máis común dos falantes é adaptarse ao novo entorno trocando os seus hábitos lingüísticos xunto co seu lugar de residencia. Ademais, Ourense non é a única cidade á que os habitantes do rural emigraron. Outras áreas urbanas e periurbanas do país tamén foron o destino preferido para os emigrantes ourensáns, destacando Vigo e A Coruña como cidades tamén profundamente castelanizadas. Pola contra, tamén houbo moita emigración a Santiago de Compostela (sobre todo na terceira xeración) por motivos escolares. A etapa universitaria de moitos informantes foi un condicionante fundamental

para que estes comezasen ou volvesen a establecer relacións en galego, en moitos casos, convertendo a persoas monolingües en castelán en bilingües, creando neofalantes e reafirmando as actitudes lingüísticas e culturais de monolingües en galego.

Así pois, podemos finalizar este estudo afirmando que a transmisión xeracional é moi favorable en concellos máis afastados da capital e máis ruralizados como Xinzo de Limia, Sarreaus, Vilar de Barrio ou Xunqueira de Ambía mentres que en concellos máis próximos a Ourense como Barbadás, San Cibrao das Viñas ou o Pereiro de Aguiar a situación do galego é máis comprometida. Apenas temos mostras de familias nas que as tres xeracións viviran na cidade (só a familia 381), sempre houbo un movemento de rural a urbano en algunha das tres xeracións e na gran maioría dos casos, levou a unha perda de falantes. Deste xeito, este estudo remata respondendo á pregunta inicial: cal é a situación da transmisión lingüística interxeracional nas comarcas interiores de Ourense? Non hai unha resposta clara e unánime, senón un amplo abano de condicións e casos onde a transmisión lingüística seguiu un camiño ou outro. O que podemos afirmar, de xeito rotundo, é que nas áreas rurais o galego goza de un bo provir mentres que en Ourense e nos concellos limítrofes a cidade, o galego vai perdendo forza. O que está claro, é que o porvir do galego está nas mans desa terceira xeración tan contraditoria, que coñece e condena a situación do galego pero que non o ten como lingua habitual. Galiza é lingüisticamente diversa. A lingua galega é hexemónica en diversos contextos e marxinal noutros (Subiela 2010), o único que podemos facer é día a día e, por suposto, coa axuda das institucións, dinamizar e fomentar o uso do galego sempre que estea nas nosas mans porque *se aínda somos galegos é por obra e graza do idioma*.

## BIBLIOGRAFIA

- Arquivo A Lingua das Familias (ALFA) / Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela
- Chamorro, Mónica (2021): “Actitudes lingüísticas, revisión teórica y repercusiones en la enseñanza de lenguas extranjeras”. *Cuadernos de Lingüística Hispánica*, 37, e11841.
- Iglesias, Pedro (2022): *Mantemento e transmisión da lingua galega: unha achega ás familias da área de Compostela*. Tralaballo de Fin de Grao. Universidade de Santiago de Compostela. Dispoñible en: <http://hdl.handle.net/10347/30273> [14/05/2024]
- López, Anselmo (2016): *Historia de Galicia*. Vigo: Editorial Xerais
- Loredo, Xaquín / Monteagudo, Henrique (2017): “La transmisión intergeneracional del gallego. Comparación con el catalán”, *Treballs de Sociolingüística Catalana*, 27
- Monteagudo, Henrique / Álvarez, Rosario (2012): *Facer país co idioma. Sentido da normalización lingüística*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Monteagudo, Henrique / Loredo, Xaquín / Vázquez, Martín (2016): *Lingua e sociedade en Galicia: a evolución sociolingüística 1992-2013*. A Coruña: Seminario de Sociolingüística, Real Academia Galega.
- Monteagudo, Henrique / Loredo, Xaquín / Vázquez, Martín (2018): *Lingua e sociedade en Galicia: Resumo de resultados 1992-2016*. A Coruña: Seminario de Sociolingüística, Real Academia Galega
- Monteagudo, Henrique (2021): *O idioma galego baixo o franquismo. Da resistencia á normalización*. (Vol. 14). Vigo: Editorial Galaxia.
- Nandi, Anik / Monteagudo, Henrique / Loredo, Xaquín (2020): “La transmisión intergeneracional del gallego. Estrategias familiares de manteniemento y convivencia”. *Hispanismes, Revue de la Société des Hispanistes Français*. 16. Dispoñible en: <https://journals.openedition.org/hispanismes/782> [02/06/2024]

- Ramallo, Fernando (2012): “El gallego en la familia entre la producción y la reproducción”, *Caplletra* 53, 167-191. Disponible en: <https://raco.cat/index.php/Caplletra/article/view/267980/363356> [02/06/2024]
- Rojo, Guillermo (1981): “Conductas y actitudes lingüísticas en Galicia”, *Revista Española de Lingüística Madrid* 11(2), 269-310. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=41105> [02/06/2024]
- Rojo, Guillermo (1985): “Diglosia y tipos de diglosia”, en *Philologica Hispaniensia. In honorem M. Alvar*. Madrid: Gredos, vol. II, páxs. 602-617. Disponible en: [https://gramatica.usc.es/~grojo/Publicaciones/Diglosia\\_tipos\\_diglosia.pdf](https://gramatica.usc.es/~grojo/Publicaciones/Diglosia_tipos_diglosia.pdf) [02/06/2024]
- Subiela, Xaime (2010): “O idioma galego. Alarmas e esperanzas”, en Luís Álvarez Pousa (dir.), *Informe Galicia 2010*. Santiago de Compostela: Atlántica de Información e Comunicación de Galicia, 247-270. Disponible en: [http://kit.consellodacultura.gal/web/uploads/adxuntos/arquivo/5440ef8c80624-alarmaseesperanzas\\_subiela.pdf](http://kit.consellodacultura.gal/web/uploads/adxuntos/arquivo/5440ef8c80624-alarmaseesperanzas_subiela.pdf) [12/04/2022]